


Dictame

1/99

D I C T A M E

**SOBRE O
PLAN ESTRATÉXICO
DE DESENVOLVEMENTO
ECONÓMICO DE GALICIA
(PEDEGA)
2000-2006**



APROBADO POLO PLENO O 15 DE OUTUBRO

Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Imprime:

Infografía:

Dep. legal:

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 23 de xullo de 1999, o conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia remitiu ó Consello Económico e Social de Galicia un escrito no que comunicaba ó seu presidente ó acordo do Consello da Xunta de Galicia sobre a remisión do PLAN ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA (PEDEGA) ó CES para a emisión do dictame previsto no artigo 5.1.1 da Lei 6/1995, de 20 de xuño, de Creación do CES.

2.- No mesmo escrito, o conselleiro solicitaba comparecer ante o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia para explica-lo contido do PEDEGA, dada a importancia do plan para o futuro da comunidade autónoma. A comparecencia foi fixada pola Comisión Permanente para o día 29 de xullo e convocouse sesión extraordinaria do Pleno do CES.

3.- Segundo o previsto, o Pleno do CES celebrou a súa sesión 5/99 o día 29 de xullo cun único punto na orde do día: “Comparecencia por propia iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda para presenta-lo Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006”.

O conselleiro indicou que no documento se contén a política socioeconómica da Xunta para os vindeiros anos e anunciou que o gasto total previsto no Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000/2006 acada os 1,948 billóns de pesetas. As estimacións macroeconómicas nas que se basea o PEDEGA falan dun crecemento do Valor Engadido Bruto (VEBpm) galego do 3,15% no periodo 2000/2003 e do 3,03% no trienio 2004/2006. A taxa de actividade vai pasar do 47,8% ó 49,8% no ano 2006, mentres que a taxa de paro (datos EPA) se reducirá do 17,3% ó 14,%. Por outra banda, os escenarios presupostarios da Xunta para o periodo 2000-2006 prevén que o conxunto dos gastos de capital acaden unha contía de 1,855 billóns de pesetas, o que suporá unha participación no VEB rexional do 4,76%.

Na súa intervención, o consellerio explicou ós membros do Pleno que no Plano Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia plantéxanse tres grandes fins:

- O aumento do emprego de calidade, tratando de recuperar a importancia do emprego como fin último das políticas económicas, na liña das estratexias a favor do emprego actualmente en marcha.

- A elevación do nivel de calidade de vida dos galegos, armonizando eses niveis entre os distintos segmentos de poboación e nos diversos espazos territoriais de Galicia.

- Asegurar o desenvolvemento sostido da base productiva rexional, o que implica unha estratexia axustada ás nosas potencialidades específicas.

De acordo con estas directrices os catro ámbitos e obxectivos do PEDEGA concrétanse en:

- 1.- Potenciar a competitividade do tecido productivo
- 2.- Potenciar a calidade e competitividade do territorio
- 3.- Potenciar o capital humano
- 4.- Aumentar a eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo

Deste xeito, o PEDEGA vai ser, segundo explicou o conselleiro, o instrumento axeitado para continuar na traxectoria de converxencia que amosa a economía galega na última década diante da economía nacional e europea, ó obxecto de conseguir que a comunidade galega poida incorporarse ó que se deu en chamar “cohesión económica e social de Europa”.

En opinión do conselleiro, as contías do PEDEGA amosan a aposta da Xunta polos investimentos de carácter estratéxico que inciden directamente na mellora da estrutura productiva galega. Así, ó longo do septenio adicaranse 623.021 millóns ó fornecemento do tecido productivo e ás políticas de I+D; un total de 292.390 millóns para favorecer a accesibilidade territorial; 130.459 millóns ás actuacións en favor do desenvolvemento local e rural; 198.093 millóns adicaranse a accións en favor de medio ambiente; e 641.543 millóns de pesetas irán destinados ós recursos humanos e ás políticas activas de emprego.

Todos estes grandes eixos que agrupan o gasto estratéxico inclúen medidas tendentes a favorecer a competitividade das pequenas e medianas empresas, con políticas de apoio de carácter horizontal válidas para calquera empresa; accións en favor dos complexos productivos considerados prioritarios, coa finalidade de aproveitar as súas vantaxes comparativas; ou actuacións tendentes a facilitar unha axeitada vertebración do territorio, tanto dende o punto de vista da súa accesibilidade como dende a cohesión interprovincial.

Tamén están contempladas accións a prol dunha maior coordinación coa Rexión Norte de Portugal; medidas que favorezan un desenvolvemento económico respetuoso co medio ambiente; políticas de mellora na actual prestación de ser-

vicios sociais básicos ou na formación laboral que facilite o acceso ó mercado de traballo, así como un reforzamento de tódalas actuacións en materia de I+D, indicou o conselleiro.

Na súa intervención, o responsable de Economía e Facenda da Xunta refiriuse tamén ó marco financeiro e sinalou que da importancia económica das cifras de gasto no PEDEGA falan os escenarios presupostarios da Xunta para o periodo de execución do Plano.

Así, os gastos de capital (os capítulos VI e VII do orzamento) van acadar unha contía de 1,855 billóns de pesetas, o que suporá unha medra na participación deste tipo de gastos no VEB rexional ata case un 5% (na actualidade esta porcentaxe sitúase no 4,4% do VEB). Esta cifra supón, ademais, un promedio de 265.000 millóns de pesetas anuais, equivalentes a un incremento do 31,3% sobre o presupostado en 1999.

O gasto corrente, pola súa banda, rebaixará a súa actual porcentaxe do 16,15% sobre o VEB rexional ata un 14,79%, mentres que, por exemplo, o gasto por habitante en idade escolar (poboación entre 3 e 24 anos) vai experimentar unha suba do 51,1%, ó pasar das 276.354 pesetas actuais ás 417.681 pesetas do ano 2006.

As previsións macroeconómicas, ademais, falan dun incremento da taxa de actividade do 47,8% ó 49,8 por cento no ano 2006 e dunha redución da taxa de paro galega (datos EPA) do 17,3% ó 14,5%, cunha media de crecemento interanual da ocupación do 1,5 entre o ano 2000 e o ano 2003 e dun 0,8 no trienio 2004/2006.

O conselleiro fixo tamén un repaso ás cifras correspondentes ó Plano de Desenvolvemento Rexional de Galicia (PDR). Nelas se recollen os investimentos susceptibles de seren cofinanciados por algúns dos mecanismos financeiros da Unión Europea aplicables ás comunidades do Obxectivo 1. A diferenza entre o volume de gasto do PEDEGA (1,948 billóns) e os gastos do PDR (1,785 billóns) explícase pola non inclusión no PDR dos gastos en materia de vivenda (128.447 millóns) e cultura (34.312 millóns).

A estrutura dos sectores productivos de Galicia ten unha configuración, en 1999, cercana ás economías modernas. Ó longo da década, a economía galega viviu un proceso de converxencia e homologación coa estrutura productiva española, segundo se desprende da evolución das taxas de crecemento do seu Valor Engadido Bruto a prezos de mercado (VEB pm). No mesmo senso, e segundo recolle o cadro na páxina seguinte, dende a incorporación a Europa, Galicia mellorou o seu índice de PIB “per cápita” nun 14,55%, ó pasar do 55,0% de 1986 ó 63,0% do ano 1996 (no mesmo período, e incremento deste indicador no conxunto de España foi do 12,75%). Con esta evolución, Galicia mellorou o seu posto na clasificación de rexións menos desenvolvidas e pasa do posto 18 ó 25.

Outros indicadores significativos son os gastos en educación e sanidade. Segundo as previsións do Plan, a consecución dun nivel óptimo no sistema educativo determina unha asignación de recursos representativos dun crecemento acumulado do 20% no ano 2006, o que incrementa en 5,4 puntos o valor actualizado das dotacións asignadas en 1999. Isto significa que nese ano 2006, o gasto por habitante en idade escolar (ata 24 anos), sen conta-los investimentos, situarase en 417.681 pesetas, un incremento real do 32,0% (50,1% en valor nominal, sen desconta-la inflación) respecto ó de 1999, que é de 276.354 pesetas.

As dotacións presupostarias adicadas á atención do gasto sanitario, excluídos os investimentos, incrementarán a súa participación no gasto total non financeiro ata o 32,0% no ano 2006 (1,5 puntos por riba da de 1999), reducindo minimamente a súa participación no VEBpm de Galicia. En termos de gasto por habitante, pasaráse das 106.693 pesetas actuais ata as 154.664 pts., equivalentes a 135.780 pts. unha vez descontado o efecto da inflación, para o 2006, o que significa un incremento real do 27,26%.

4.- O conselleiro de Economía e Facenda remitiu o 29 de xullo ó Consello Económico e Social de Galicia o documento do Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia (PEDEGA) (tomos I, II, III e IV), así como o Escenario de Evolución Presupostaria da Comunidade Autónoma de Galicia 2000-2006, para que se emita o correspondente dictame.

A documentación recibida foi remitida, en data 30 de xullo de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente para emiti-lo dictame por razón de materia. No escrito ó presidente da Comisión Sectorial, o presidente do CES lembráballe que o dictame tería que ser proposto ó Pleno na segunda quincena de setembro.

5.- O día 7 de setembro de 1999 o presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o xoves, 9 de setembro, co fin de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de dictame.

6.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Consellería, a Comisión Sectorial 1º, na súa sesión 12/99, de data 30 de setembro, aprobou por maioría, co voto en contra da Confederación Intersindical Galega, a proposta de dictamen e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación pola Comisión Permanente.

7.- A Comisión Permanente, na súa sesión 10/99, de 5 de outubro, tramitou o texto presentado e convocou ó Pleno para o día 15 de outubro.

8.- O Pleno do Consello, na súa sesión 8/99, celebrado en data 15 de outubro, acorda aprobar por maioría, co voto en contra dos representantes da Confederación Intersindical Galega e a abstención das representantes do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, o seguinte Dictame.

DICTAME

Sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006 está estruturado en catro volumes. O primeiro adícase á análise e diagnóstico das tendencias recentes, a situación actual e as perspectivas do sistema socioeconómico de Galicia. O segundo tomo expón a proposta estratéxica e o marco financeiro. A formulación da estratexia operativa por eixos do Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) de España 2000-2006 ocupa o terceiro volume, mentres que o cuarto está dedicado á unha avaliación ex ante do PEDEGA. Engádesse ademais un Escenario de evolución presupostaria da Comunidade Autónoma de Galicia para o período de estudo.

O PEDEGA ven precedido de outros programas de desenvolvemento rexional, programación que se foi consolidando desde a integración de España na Comunidade Europea. O primeiro que tiña xa un claro enfoque estratéxico foi o Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996, que foi seguido do Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia 1994-1999 e do Plan de Crecemento e Emprego de Galicia 2000-2006. O PEDEGA é un paso máis nese camino.

Na elaboración do plan seguíronse os seguintes criterios:

- Enfoque selectivo e integrado: O PEDEGA centra a atención nos problemas máis relevantes para o desenvolvemento de Galicia. Además, búscase a harmonización e integración dos plans de actuacións dos diversos axentes e centros de decisión que inciden na evolución e desenvolvemento do sistema económico.
- Adecuación ás liñas de actuación nacionais e europeas.
- Viabilidade operativa: O principio de realismo foi unha guía constante. A selección de obxectivos e medidas tivo en conta a accesibilidade ós fondos e recursos financeiros adecuados, a capacidade de execución operativa e o grao de preparación dos proxectos.
- Capacidade de seguimento e avaliación de resultados: As accións articúlanse nun esquema de fins, estratexias e medios que coida ó máximo a identificación precisa de obxectivos e prioridades co obxecto de facilita-los procedementos de execución, seguimento e avaliación das accións concretas que dean lugar no futuro ó desenvolvemento operativo do plan.
- Implicación das institucións e axentes sociais de Galicia: O Plan concíbese como un ámbito de encontro e confluencia de vontades dos diversos axentes sociais e o seu éxito depende da súa capacidade para mobilizar á sociedade.

Tomo I.- Análise e diagnóstico. Tendencias recentes, situación actual e perspectivas do sistema socioeconómico de Galicia

O diagnóstico pretende proporcionar unha imaxe da estrutura e funcionamento do sistema socioeconómico de Galicia, defini-los seus problemas e os retos que afronta cara ó futuro. Para iso, foi necesario:

- Analiza-la recente evolución do sistema económico de Galicia nos seus ámbitos clave (producción e renda, infraestruturas, base empresarial, emprego e mercado de traballo).
- Estudia-lo proceso de converxencia de Galicia con outros ámbitos territoriais (outras rexións españolas incluídas no obxectivo 1 da política rexional europea, o conxunto de España e o contexto europeo) para ilustra-las diverxencias existentes de cara ó proceso de cohesión económica e social.
- Realizar unha análise do marco territorial do sistema socioeconómico de Galicia, xa que o desenvolvemento está condicionado pola estrutura territorial e un dos seus obxectivos é reforza-la cohesión interterritorial.
- Facer un exercicio de avaliación da experiencia recente das políticas de desenvolvemento rexional.

Os cinco **problemas prioritarios** detectados no antedito Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996 eran:

- a.- Situación xeográfica periférica e baixa accesibilidade.
- b.- Poboación envellecida, con formación débil e cunha limitada capacidade para emprender e innovar.
- c.- Base empresarial moi atomizada.
- d.- Estructura productiva excesivamente dependente de actividades primarias de carácter tradicional.
- e.- Reducido nivel de articulación productiva.

Despois de estudar a evolución destas “debilidades” ó longo dos últimos anos, e coa meta de impulsar-lo proceso de converxencia real entre Galicia e España, os programas integrados no marco comunitario de apoio (MCA) 1994-1999 trataban de afrontar eses problemas a través dos seguintes obxectivos finais:

- Mellora-la accesibilidade e a articulación do territorio así como as dotacións de infraestruturas máis ligadas á base productiva.
- Mellora-la calidade de vida da poboación residente (infraestruturas de carácter social)
- Promove-la sostibilidade do proceso de desenvolvemento (coidado medioambiental)

- Apoia-lo crecemento da base productiva, cunha estratexia baseada na calidade dos produtos e na exportación.
- Mellora-la cualificación dos recursos humanos e a capacidade de innovación e anima-lo desenvolvemento dunha cultura empresarial e urbana.

Información estadística básica do PEDEGA


A información estadística facilitada nos distintos tomos do PEDEGA foi seleccionada en función da súa relevancia e sistematizada segundo os seguintes apartados:

- 1.- Análise do VEB e previsión da súa evolución polo PEDEGA.
- 2.- Análise do VEB per cápita.
- 3.- Análise do emprego e previsión da súa evolución polo PEDEGA.
- 4.- Análise das dotacións de infraestructuras productivas de Galicia e previsión da evolución do investimento público segundo o PEDEGA.
- 5.- Evolución da especialización sectorial de Galicia.
- 6.- Grao de execución do MAC 94-98 e resultados físicos da execución.

Crecemento real do VEBpm 90-98

	GALICIA	ESPAÑA
Agricultura e Pesca	- 9,8	- 4,6
Industria	29,7	19,2
Construcción	6,5	4,3
Servicios	22,7	21,2
Non agrarios	23,4	19,1
TOTAL	19,6	17,8

Fonte: INE, IGE

Crecemento real do VEBpm 1994-1998. Galicia e España


Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e da Contabilidade Trimestral de España (INE)

TOMO I - GRÁFICO 23

Previsións de evolución macroeconómica de Galicia

	1999	2000-2003 (media)	2004-2006 (media)
Incremento real do VEBpm	3,40%	3,15%	3,03%
Diferencia respecto España	0,10%	0,35%	0,20%
Deflactor do PIBpm	2,50%	1,98%	1,93%
Incremento nominal do VEBpm	6,00%	5,23%	5,07%

Fonte: Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

TOMO II - CADRO 4

Avaliación do impacto total do PEDEGA desagregado en impacto de oferta e demanda sobre o VEB p.m. privado non agrario de Galicia

Período de referencia do impacto	Escenario 1: tendencial ou de referencia	Escenario 2: Impacto TOTAL do PEDEGA	Escenario 2: impacto DEMANDA do PEDEGA	Escenario 2: impacto só OFERTA do PEDEGA
2000-2006	100	108,0	103,5	104,4
2000-2010	100	107,4	102,1	105,3
2000-2015	100	106,7	101,4	105,3
2000-2020	100	106,1	101,0	105,1

Fonte: Elaboración propia a partir de modelo de avaliación de impactos de oferta das políticas estruturais en Galicia e TIOGA-90

TOMO IV - CADRO 14


Resumo dos principais datos e indicadores obtidos da análise input-output

Miles de millóns de ptas	
Variable	Variacións 94-96
Gasto público total	265
Impacto do gasto 94-96 sobre produción efectiva	371
Impacto do gasto 94-96 sobre VEB p.m.	177
Impacto do gasto 94-96 sobre o emprego (ocupados fase execución)	51.768
Fugas do VEB por importacións finais e intermedias	103
Fugas de emprego por importacións finais e intermedias	17.852
Gasto 94-96/incremento VEB 94-96 en termos correntes	22,66%
Puntos de crecemento do VEB inducidos por Gasto Público	5,06%
Taxa de crecemento do VAB sen Gasto Público (hipótese)	17,27%

Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia; Táboa input-output de Galicia, 1990 (IGE); Contabilidade Rexional de Galicia 1990-1994; serie homoxénea (IGE) e Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE).

TOMO I - CADRO 60

Evolución do VEBpm per cápita de Galicia respecto á media de España



Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Trimestral de Galicia (IGE) e da Contabilidade Trimestral de España (INE)

TOMO I - GRÁFICO 24


Comparación das taxas de crecemento do VEB per cápita segundo diferentes fontes tanto para o VEBpm como para a poboación

VEB p.m. CRE96/poboación CRE96		VEB p.m. Cordero y Gayoso/Poboación (proxeccións INE 86-2006)		VEB p.m. Cordero y Gayoso/Poboación CRE96	
(1990-1996)		(1990-1996)		(1990-1996)	
(Ptas. correntes)	TV (%)	(Ptas. correntes)	TV (%)	(Ptas. correntes)	TV (%)
La Rioja	62,3	La Rioja	25,7	La Rioja	25,7
Castilla y León	51,8	Castilla y León	15,5	Castilla y León	15,5
Galicia	50,7	Galicia	12,7	Galicia	12,7
Cataluña	50,6	Cataluña	11,5	Cataluña	11,5
C. Madrid	48,6	C. Madrid	10,9	C. Madrid	10,9
Baleares	48,5	Baleares	9,7	Baleares	9,7
Asturias	46,3	Asturias	9,1	Asturias	9,1
País Vasco	46,1	País Vasco	8,9	País Vasco	8,9
Canarias	46,1	Canarias	8,7	Canarias	8,7
Cantabria	44,0	Cantabria	8,3	Cantabria	8,3
Aragón	43,4	Aragón	7,9	Aragón	7,9
Extremadura	43,0	Extremadura	7,0	Extremadura	7,0
C. Foral de Navarra	42,1	C. Foral de Navarra	6,0	C. Foral de Navarra	6,0
C. Valenciana	41,1	C. Valenciana	5,7	C. Valenciana	5,6
Castilla-La Mancha	39,8	Castilla-La Mancha	5,5	Castilla-La Mancha	5,5
Andalucía	38,6	Andalucía	2,7	Andalucía	2,7
Región de Murcia	34,4	Región de Murcia	0,9	Región de Murcia	0,9
España	45,7	España	8,6	España	8,6

Fonte: elaboración propia a partir de CRE (INE), Serie Cordero-Gayoso e Proxección de poboación (INE)

TOMO I - CADRO 32

**Dinámica territorial e demográfica da renda de Galicia
en termos relativos respecto á de España durante o período 1990-1996**



Fonte: elaboración propia a partir da Contabilidade Regional de España (86-96) e Proyecciones de población 1986-2005 (INE)

Notas: Neste gráfico reflíctense entre paréntese as taxas de crecemento do VEB per cápita de España, Galicia e as súas provincias durante o período 1990-1996. A posición que ocupa cada espacio no gráfico reflexa as diferencias no crecemento rexistrado respecto a España no VEB por quilómetro cadrado, como indicador da renda espacial, e a densidade de poboación, como indicador da dinámica demográfica do espacio correspondente. Na liña de puntos as zonas de crecemento do VEB per cápita superior ó de España (dereita) e inferior (esquerda).

TOMO I - GRÁFICO 38

**Evolución do PIB per cápita de Galicia respecto á UE (15), UE (12)
España e rexións obxectivo 1 entre os anos 1980 e 1994. Ecus en PPA**

	1980	1986	1989	1990	1991	1992	1993	1994	94-96 (*)
Galicia	4.308,1	6.142,1	7.864,5	8.349,3	9.159,1	9.293,0	9.670,1	9.866,5	10.819,0
UE 15	7.194,4	11.259,3	13.918,6	14.869,9	15.370,8	15.946,2	15.920,4	16.644,4	17.379,0
UE 12	7.087,0	11.053,7	13.623,9	14.582,4	15.096,8	15.741,5	15.813,7	16.508,5	
ESPAÑA	5.058,8	7.796,2	10.098,5	10.996,0	12.031,3	12.206,2	12.353,8	12.667,7	13.640,0
Rexións 01	4.475,7	6.900,3	8.851,7	9.530,6	10.423,3	10.614,7	10.875,6	11.122,7	
Gal/UE=100	59,9	54,6	56,5	56,1	59,6	58,3	60,7	59,3	62,3
Gal/UE 12=100	60,8	55,6	57,7	57,3	60,7	59,0	61,2	59,8	
Gal/España=100	85,2	78,8	77,9	76,1	76,1	76,1	78,3	77,9	79,3
Gal/Rex 01=100	96,3	89,0	88,8	87,6	87,9	87,5	88,9	88,7	

Fonte: Elaboración propia con datos Eurostat (Regio, 1997)

(*) Media período 1994-1996. Fonte: Eurostat.

TOMO I - CADRO 34

Poboación ocupada en Galicia

	1º TRIM. 99	1º TRIM. 98	VARIACIÓN
Agricultura e Pesca	172,0	186,4	- 14,4
Industria	163,4	155,6	7,8
Construcción	95,8	94,9	0,9
Servicios	482,7	472,2	10,5
Non agrarios	741,9	722,7	19,2
TOTAL	913,9	909,1	4,8

(Miles de persoas)

Evolución das principais variables laborais de Galicia

Variable	1980	1990	1993	1994	1995	1996	1997	1998
Poboación (miles)	2.807,5	2.739,4	2.731,7	2.729,7	2.726,7	2.723,8	2.720,3	-
Poboación >16 anos (miles)	2.082,2	2.257,2	2.292,6	2.293,2	2.286,3	2.287,9	2.301,2	2.311,8
Activos (miles)	1.136,4	1.169,0	1.156,8	1.136,4	1.114,1	1.119,1	1.106,0	1.110,5
Ocupados totais (miles)	1.082,0	1.028,5	948,5	916,2	918,1	910,9	902,4	917,9
Desempregados (miles)	54,4	140,6	208,4	220,2	196,1	208,1	203,6	192,6
Taxa de actividade (%)	54,6	51,8	50,5	49,6	49,9	48,9	48,1	48,0
Taxa de paro (%)	4,8	15,9	18,0	19,4	17,6	18,6	18,4	17,3
Taxa de emprego (%)	52,0	45,6	41,4	40,0	40,2	39,8	39,2	39,7

Fonte: Elaboración propia a partir de Proyecciones de población 1986-2005 (INE), e EPA (INE).

TOMO I - CADRO 16

Análise comparativa (shift-share) da evolución das principais magnitudes do mercado de traballo de Galicia respecto ás de España (1994-1998)

	Taxas de crecemento		Variacións absolutas (miles de persoas)		Hipótese crecemento ocupación total	Efecto neto (miles de persoas) (B-A)
	Galicia	España	Galicia (A)	España		
Pob> 16	0,82	3,06	18.750	964.950	70.095	-51.345
PA	-2,28	5,15	-25.925	796.900	58.545	-84.470
Parados	-12,36	-18,11	-27.175	-676.850	-39.807	12.632
Ocupados	0,14	12,56	1,25	1.473.650	79.382	-78.132
Agricultura	-30,77	-7,83	-80.755	-90.125	-20.559	-60.216
Industria	23,2	9,44	30.600	233.475	12.445	18.155
Construcción	8,67	23,4	7.825	248.275	21.174	-13.349
Servicios	10,09	15,36	43.600	1.082.150	66.322	-22.722

Fonte: Elaboración propia a partir da EPA

TOMO I - CADRO 20

Magnitudes do emprego en Galicia contempladas polo PEDEGA

	1998	1999	2006	Dif. 98/06
Taxa actividade Galicia	48,03		49,80	1,77
Taxa paro Galicia	17,34		14,50	- 2,84
Ocupados crecemento interanual	1,70	1,50	0,8 (Media 2004-2006)	
Poboación activa (miles de persoas)	1.110,5		1.152,00	41,50
Ocupados (miles persoas)	917,90		980,96	63,06
Taxa de produtividade (ultimo quinquenio)	3,70%		2%	

Fonte: EPA

TOMO II - PÁX. 137

Avaliación do impacto total do PEDEGA desagregado en impactos de oferta e demanda sobre o emprego privado non agrario de Galicia

Período de referencia do impacto	Escenario 1: referencia	Escenario 2: Impacto TOTAL do PEDEGA	Escenario 2: impacto só DEMANDA do PEDEGA	Escenario 2: impacto só OFERTA do PEDEGA
2000-2006	100,0	107,0	103,3	103,7
2000-2010	100,0	106,6	102,0	104,5
2000-2015	100,0	106,2	101,4	104,8
2000-2020	100,0	105,8	101,0	104,8

Fonte: Elaboración propia a partir de modelo de avaliación de impactos de oferta das políticas estruturais en Galicia e TIOGA-90

TOMO IV - CADRO 15

Evolución das dotacións totais de infraestructuras productivas de Galicia

	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995
Galicia (1985=100)	100,0	106,3	107,9	109,6	115,0	117,3	120,8	134,4	135,4	146,0	151,5
Galicia/España (=100)	72,2	77,3	74,3	72,7	73,3	69,4	71,4	76,8	75,1	78,6	76,3
Galicia/rexión con máxima dotación (=100)	31,3	36,1	32,0	32,4	33,5	30,2	30,4	32,0	31,5	32,5	32,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Delgado, M.J. e Álvarez, I. (1999).

TOMO I - CADRO 5

Financiamento do investimento público. Capítulos VI e VII

Concepto	1999	% VEB	Millóns de ptas.			
			2000-2003 (media)	% VEB	2004-2006 (media)	% VEB
Ingresos de capital	90.457	1,95%	102.253	1,93%	101.189	1,61%
Aforro corrente	99.033	2,13%	134.790	2,54%	197.777	3,15%
Déficit	12.359	0,27%	2.500	0,05%	0	0,00%
Total de disponibilidades para gastos de capital	201.849	4,35%	239.543	4,52%	298.996	4,76%

Fonte: Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

TOMO II - CADRO 7

Previsións de gastos do PDR 2000-2006 en Galicia

ESTADO (millóns de ptas.)	Importe per cápita (en ptas.)	CC.AA (millóns de ptas.)	Importe per cápita (en ptas.)	TOTAL XERAL (millóns de ptas.)	Total per cápita (ptas.)
1.685.211	614.453	1.785.304	650.948	3.470.515	1.265.400

Evolución da especialización sectorial de Galicia respecto a España

	(España=100)			
	Ocupados		VAB p.m. Pts. constantes 1986	
	Galicia/España 1993	Galicia/España 1998	Galicia/España 1993	Galicia/España 1998
Agricultura, ganadería, caza, selvicultura e pesca	295	246,5	188	193,2
Industria	70	89,3	101	104,7
Construcción	102	108,0	110	106,9
Servicios	77	84,2	90	89,4
Total	100	100	100	100

Fonte: Elaboración propia a partir da EPA (INE), Contabilidad Trimestral de Galicia (IGE) e Contabilidad Trimestral de España (INE).

TOMO II - CADRO 43

RESULTADOS MAC

Grao de execución, por tipo de órgano xestor, do gasto público do MCA 1994-1999 executado en Galicia durante o período 1994-1998

Administración xestora	Comprometido 1994-1998 ^(*)	Grao de execución a 31-12-98 respecto previsións 94-99	Pagos ó 31-12-98 respecto a previsións totais 94-99
Administración Central	183.119	107,6%	77,4%
Administración Rexional	371.240	85,5%	71,4%
Corporacións locais	6.171	123,1%	78,5%
Empresas Públicas	46.858	94,2%	75,9%
Total	607.389	92,1%	73,4%

* Pagos no caso das intervencións cofinanciadas polo FEOGA-O

Fonte: elaboración propia a partir das avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia e D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

TOMO II - CADRO 52

Tomo II.- Proposta estratéxica xeral e marco financeiro

O núcleo da estratexia do PEDEGA está recollido no segundo bloque, a proposta estratéxica xeral, que se constrúe sobre dúas bases:

- Unha reflexión prospectiva dos escenarios razoables do contorno no que se moverá o sistema económico galego no futuro.
- Unha definición dos grandes fins socioeconómicos que ten Galicia e a súa tradución en obxectivos finais para o plan. Eses obxectivos están basados na consistencia interna, a adecuación ós problemas e oportunidades de desenvolvemento e á capacidade operativa para os poñer en marcha. Tívoise tamén en conta a necesaria continuidade coas accións acometidas ata o momento e a coherencia con outras actuacións en curso, como o recente *Plan de Crecemento e Emprego de Galicia 1998-2001* (obxectivo final 3.B.) e o desenvolvemento do anexo relativo a sectores produtos acordado o 30 de xullo de 1999 (obxectivo final 1.B.).

Nos cadros que se xuntan neste punto detállase máis en concreto o papel do PEDEGA fronte ós escenarios do contorno (**cadro 2.1.**), unha síntese das disparidades de desenvolvemento entre Galicia e España (**cadro 2.2.**), a análise DAFO para a situación socioeconómica de Galicia en 1999 (**cadro 2.3.**) e os principais referentes estratéxicos do PEDEGA.

Con esa situación, o PEDEGA coloca nunha posición prioritaria as accións en favor do desenvolvemento da base productiva da economía, xunto cos recursos adicados ó coñecemento, a mellora do grao de accesibilidade territorial, a dotación de equipamentos colectivos e a conservación e rexeneración do medio rexional. Estas actuacións deber ir acompañadas dunha mellora do marco institucional que garanta un maior grao de eficiencia e unha adecuación ó obxectivo de cohesión intrarrexional.

Estes obxectivos, organizados por ámbito de intervención, son os seguintes:

Ámbito 1: Tecido productivo

Obxectivo 1.A.- Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial.

Obxectivo 1.B.- Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia.

Ámbito 2: Territorio

Obxectivo 2.A.- Mellora-la accesibilidade do territorio

Obxectivo 2.B.- Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento

Obxectivo 2.C.- Protexer e mellora-lo medio ambiente

Ámbito 3: Capital humano

Obxectivo 3.A.- Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano

Obxectivo 3.B.- Aumenta-las dotacións de recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade

Ámbito 4: Marco operativo e institucional

Aumenta-la eficacia e a eficiencia do marco operativo e institucional

A partir deste esquema central, o PEDEGA recolle os pasos dados na definición dos obxectivos intermedios e as posibles medidas ou programas a poñer en marcha para lle dar contido operativo á estratexia de desenvolvemento económico. A preparación desta parte do Plan desenvólvese mediante as seguintes tarefas:

- Unha compilación sistemática da “carteira” de accións e medidas en curso ou programadas polos diferentes axentes e centros de decisión implicados no desenvolvemento de Galicia.
- Análise de idoneidade e adecuación desas accións ós grandes fins e obxectivos formulados con anterioridade.
- Encadramento das accións nun conxunto de medidas e obxectivos intermedios que desenvolven e concretan os obxectivos finais do plan, tendo en conta as sinerxias e o reforzo mutuo deles.
- Unha formulación do marco institucional e operativo necesario para asegurala eficiencia na posta en marcha do conxunto de actuacións recollidas no PEDEGA.

Os **cadros 2.4. e 2.5.** recollen esquemas destes obxectivos finais e obxectivos intermedios. De seguido, faise unha descrición somera de cada un dos obxectivos finais do plan.

• Obxectivo 1.A.- Potenci-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial.

Este obxectivo integra obxectivos intermedios horizontais orientados cara á empresa que ten por finalidade principal mellora-los factores básicos que facilitan o xurdimento de iniciativas privadas de investimento de carácter anticipativo, en especial nas pemes, así como promover un contorno favorecedor dese investimento privado. A orientación estratéxica deste obxectivo final céntrase no sistema empresarial de Galicia, en fomentar actitudes empresariais estratéxicas e competitivas:

- Imaxe de calidade diferenciada
- Proxección exterior (incremento da capacidade de exportación de bens e servicios de Galicia).

• Obxectivo 1.B.- Potenci-la competitividade do núcleo productivo de Galicia.

A clave estratéxica é a configuración e desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente.

A fórmula operativa é estrutura-las medidas dentro de programas integrados para os complexos ou agrupamentos (*clusters*) de actividades singularmente relevantes para Galicia (complexo agrogandeiro, selvicultura-explotación forestal-madeira, mar-industria, *clusters* industriais de importancia singular –pedra natural, a construción naval, a automoción, a confección-textil e telecomunicacións-audiovisual– e turismo selectivo.

A estratexia sectorial sintetízase en dúas fronteas básicas:

- Integración de redes productivas.
- Renovación/diversificación: modernización de produtos, procesos e canles comerciais nas actividades nas que Galicia conta coas vantaxes competitivas do saber facer , xunto á potenciación de novos complexos xa asentados na rexión.

• Obxectivo 2.A.- Mellora-la accesibilidade do territorio

As accións de desenvolvemento impulsadas nos últimos anos incidiron especialmente na mellora das infraestruturas de transportes para garanti-la accesibilidade externa de Galicia. Tendo en conta o xa feito e os problemas aínda por resolver, as prioridades deste obxectivo céntranse nas seguintes accións:

- Remate da rede de autovías e vías de alta capacidade para asenta-la accesibilidade exterior.
- Mellora da rede primaria e secundaria de estradas de Galicia, para mellora-la accesibilidade interior.
- Mellora das conexións portos-redes de transporte terrestre, co obxectivo de integra-la rede intermodal de transportes, potenciando a configuración de nós e centros de servicios loxísticos.
- Mellora das redes e servicios de transporte ferroviario na liña das redes transeuropeas e os servicios de proximidade. O obxectivo é aproveita-las posibili-

dades de futuro que ofrece o transporte por ferrocarril.

- Avance no desenvolvemento das telecomunicacións que garanta a incorporación de Galicia á “sociedade da información” mediante investimentos en infraestructuras e promoción do uso e desenvolvemento de novas tecnoloxías de información e comunicación.

Todas estas accións responden ó deseño dunha rede integrada que garanta os fluxos internos e externos de persoas, mercadorías e información dun xeito fluído, rápido, fiable e eficiente.

Pola súa importancia no futuro inmediato, cómpre facer unha especial referencia neste resumo do contido do PEDEGA ó transporte ferroviario, do que a súa modernización é un dos obxectivos intermedios dentro deste obxectivo final 2.A. Na rede ferroviaria os avances foron sensiblemente inferiores ós acadados no eido das estradas: neste caso os investimentos non se orientaron á reestructuración da rede para adecuala ás necesidades estratéxicas de Galicia, senón que se concentraron nunha serie de actuacións puntuais, deixando a un lado os problemas de fondo do ferrocarril: ausencia de vías dobres, un 70% da rede sen electrificar, sistemas de sinalización e seguridade obsoletos, un 30% das liñas con radios de curva inferiores ós 500 metros, velocidades comerciais medias de 45 Km/h.

O marco de referencia é o *Plan Decenal Ferroviario 1998-2007* da Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda) que actualiza o Plan Ferroviario de Galicia, elaborado como proposta alternativa ó Plan Director de Infraestructuras 1994-2007, e que foi aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en decembro de 1995.

O obxectivo fundamental consiste en recupera-lo atraso dos ferrocarrís en Galicia e convertelos nun medio de transporte eficiente e competitivo. O punto focal do plan é a modernización do ferrocarril que permita facer deste modo de transporte un medio alternativo e complementario cos restantes, especialmente a estrada, e integren o sistema multimodal de transporte de Galicia.

Os obxectivos básicos deberan acompañarse da mellora dos servizos para aumenta-la seguridade e calidade dos mesmos e para fomenta-la desconxestión dos tráfico urbanos e a potenciación do transporte colectivo e do transporte intermodal (portos, intercambiadores).

Os obxectivos fundamentais do ferrocarril en Galicia son o acurtamento dos

tempos e a conexión coas redes españolas e europeas, en particular:

- O acercamento en tempo entre as poboacións intracomunitarias.
- O acercamento en tempo entre Galicia e Norte de Portugal.
- O rápido acceso ós grandes eixes ferroviarios españois e europeos a través da conexión con Madrid e Francia.

A conexión de Galicia coa meseta en alta velocidade considérase prioritaria, se ben o plan non se pronuncia sobre o trazado da saída, deixando dita elección a resultados dos criterios obxectivos que se desprendan dos oportunos estudos técnicos.

Galicia non pode renunciar –constátase no PEDEGA– a contar con unha comunicación ferroviaria en Alta Velocidade, a través de Medina-Valladolid, en conexión cos eixes de alta velocidade europea. Os altos investimentos precisos para salva-lo paso do Guadarrama e as novas infraestruturas no tramo Madrid-Valladolid carecerían de sentido se a prolongación desta nova liña cara o noroeste non tivese unha finalidade de estrutura-lo territorio.

Galicia necesita que o ferrocarril sexa unha alternativa real de servicio público de transporte, non xa na consideración de cercanías senón na media/longa distancia, opción que pasa inevitablemente pola alta velocidade.

Obxectivo intermedio 2.A.3: Moderniza-lo ferrocarril.

No transporte por ferrocarril, a cuestión clave é a actual revisión do papel do transporte ferroviario ante o futuro, dados os procesos en curso de modernización tecnolóxica, desenvolvemento dos enlaces de alta velocidade, redeseño das redes ferroviarias, novas funcións urbanas nas zonas de maior aglomeración e recuperación das súas importantes externalidades positivas de carácter ambiental. Xunto ó anterior, parece totalmente necesario coidar e mellora-las infraestruturas e os servizos que presta actualmente o ferrocarril na rexión.

O marco de referencia operativo neste terreo constitúeno os programas de actuacións do Ministerio de Fomento e das compañías que prestan servizos ferroviarios (RENFE e FEVE) e os correspondentes convenios acordados coa Administración rexional: *Plan Quincenal do Ministerio de Fomento 1998/2002*, *Plan de RENFE 1999/2003*, *Plan de FEVE 2000/2004* e *Programa conxunto de actuacións do Ministerio de Fomento/RENFE 2000/2006*.

As **medidas** que se recollen neste ámbito son as seguintes:

- Acondicionamento e mellora das infraestructuras ferroviarias e da superestructura de explotación: programa de investimentos en material fixo e rodante orientados a eleva-las prestacións actuais da rede ferroviaria en Galicia e corrixi-las principais deficiencias do servizo.

- Estudio e impulso ó desenvolvemento de tres liñas de actuación estratéxica: a) Transporte de viaxeiros a longa distancia a través de redes de alta velocidade dirixidas á conexión de Galicia co centro de España; b) Transporte rexional de viaxeiros en corredores de alta intensidade de tráfico e a súa proxección cara ó norte de Portugal; c) Integración intermodal do transporte ferroviario de mercadorías, especialmente no ámbito das conexións portos-ferrocarril en corredores de alta intensidade de tráfico de mercadorías.

• Obxectivo 2.B.- Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento

O referente estratéxico e aproveita-las capacidades competitivas do conxunto do territorio rexional, así como dos espazos veciños, co fin de reforza-lo principio de cohesión territorial no ámbito intrarrexional. Trátase de estende-las tendencias de concentración e “litoralización” do crecemento cara ás áreas e núcleos do interior con capacidade de aglomeración e vertebración do territorio, é dicir, facer compatible o crecemento do principal eixe de aglomeración social e económica de Galicia - a “dorsal atlántica”- co aproveitamento da ligazón da actividade económico cun conxunto de recursos endóxeos dispersos polo territorio galego.

Os instrumentos para logra-lo son o reforzamento das infraestructuras e equipamentos locais, a identificación, animación e promoción de oportunidades productivas das comarcas de Galicia, a orientación dos impulsos sectoriais procedentes de ámbitos diversos, como o complexo agro-gandeiro, o turismo ou a artesanía, así como o coidado das infraestructuras rurais e doutras iniciativas de desenvolvemento rural.

As intervencións relacionadas con este obxectivo deben recoller tamén impulsos procedentes doutros obxectivos finais non sectoriais, como o medio ambiente, a conexión das vías de alta capacidade co interior de Galicia, a vivenda, as infraestructuras sanitarias e as iniciativas de novas aplicacións das tecnoloxías da información que faciliten a distribución territorial dos servizos públicos. Apoiarase así o crecemento dos núcleos interiores de vertebración cunhas condicións de vida adecuadas e racharase co seu illamento respecto ós grandes núcleos urbanos de demanda.

Este obxectivo inclúe tamén unha vertente interrexional, especialmente dirixida a potencia-lo tamaño do mercado rexional aproveitando a relación Galicia-Norte de Portugal. Formúlase a proxección do eixe de desenvolvemento máis dinámico de Galicia cara ó Norte de Portugal e outras zonas do sur de Galicia, o que permitiría, entre outras vantaxes, duplica-lo tamaño da área de mercado rexional.

• Obxectivo 2.C.- Protexer e mellora-lo medio ambiente

Este obxectivo non se considera separado do resto dos obxectivos e liñas de actuación, senón como unha dimensión positiva do modelo de desenvolvemento socioeconómico de Galicia, que debe estar guiado por principios de calidade e sostibilidade do crecemento no tempo. Tentouse supera-la visión “conservacionista” para introducir unha preocupación e coidado por estas cuestións como un trazo especial da estratexia de desenvolvemento a longo prazo para Galicia.

Este obxectivo tradúcese nun amplo abano de accións específicas (información ambiental, conservación, tratamento de residuos, actuacións sobre o ciclo da auga, etc.), pero o seu alcance se manifesta tamén no deseño das accións recollidas noutros obxectivos (as accións de desenvolvemento agrogandeiro e forestal ou diversas accións formativas constitúen algúns exemplos significativos da incorporación da dimensión ambiental ó PEDEGA).

• Obxectivo 3.A.- Potenci-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano

O obxectivo é avanzar na dotación e mellora do capital ligado á prestación dos servizos sociais de maior incidencia na vida da poboación residente cunha meta xeral: a aproximación dos estándares de vida da poboación residente nas distintas áreas do territorio de Galicia.

As liñas de actuación prioritaria serían as seguintes:

- Sistema de saúde: análises epidemiolóxicas e de factores ambientais con incidencia na salubridade cidadá; consolidación da rede de asistencia hospitalaria e especializada; mellora da rede de asistencia primaria; potenciación do liderado da rexión nas aplicacións médicas das novas tecnoloxías da información.
- Vivenda e capital residencial: facilidades para o acceso á vivenda e mellora e rehabilitación de núcleos residencias, especialmente nas zonas rurais.
- Equipamentos sociais e deportivos e patrimonio cultural: conservación e recuperación do patrimonio cultural físico e inmaterial, construción e renovación

de centros sociais adecuadas ás características de Galicia, conservación e impulso dos equipamentos e servizos deportivos e de ocio activo, promovendo iniciativas de emprego e reforzando a oferta turística complementaria.

• Obxectivo 3.B.- Aumenta-las dotacións rexionais de recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade

Unha vez atendidos os factores de base que determinan as capacidades e condicións de vida da poboación, este obxectivo final céntrase no capital inmaterial e os recursos do coñecemento como un activo complexo xerado por un sistema no que se articulan a formación básica cos coñecementos profesionais, a experiencia acumulada (o “saber facer”), as distintas actividades de innovación, a I+D... todo abordado baixo uns enfoques sistemáticos e integrados.

O PEDEGA pon o acento na integración coa formulación de obxectivos ben definidos para o conxunto do sistema formación/ciencia-tecnoloxía/industria e unha clara vinculación cos obxectivos relacionados co desenvolvemento da base productiva

Xunto co anterior, a adecuación dos sistemas formativos ás necesidades específicas do sistema productivo, a mellora dos mecanismos de conexión co mercado de traballo, a redución da distancia ó emprego, con especial atención ás mulleres, e a promoción de novas iniciativas de emprego nos novos ámbitos de demanda (servizos ás familias, ocio, novos profesionais, industria do medio ambiente) tivéronse presentes neste obxectivo, dada a súa especial vinculación co primeiro gran fin do PEDEGA –o emprego– e coa capacidade de rexeneración dos impulsos ó crecemento.

• Obxectivo 4.A- Mellora-los mecanismos de articulación institucional en tres ámbitos: comercio exterior, incentivos financeiros e formación/I+D

Aínda que éste non é un obxectivo final propiamente dito, ten unha clara importancia estratéxica para o desenvolvemento do plan. Resulta básico facer un esforzo para ordenar e integrar-las accións a pór en marcha arredor dos programas ligados ós diferentes obxectivos. As intervencións deberían articularse con criterios funcionais de xestión do seguinte tipo:

- Inversións públicas en capital: a súa avaliación basearase na súa incidencia no desenvolvemento da base productiva (impacto económico) e na mellora das condicións de vida (impactos sociais)

- Incentivos e gasto de apoio directo ó soporte empresarial da base productiva: a valoración deberá combina-los resultados empresariais individualizables e a estimación de externalidades socioeconómicas xerais de carácter máis difuso.

- Asistencia e apoio técnico económico ó sistema productivo: a avaliación deberá ter en conta a taxa de resposta, ademais de valora-los efectos de difusión/dinamización da base productiva e social

Neste ámbito cómpre establecer unha clara asignación de funcións e cometidos entre os diversos entes institucionais ata crear un organigrama que articule este conxunto nunha rede integrada de servicios públicos ó desenvolvemento, buscando a eficiencia global do sistema.

O esqueleto institucional do PEDEGA que se presenta a seguir identifica os **centros funcionais básicos** arredor dos que se articularía o organigrama ampliado asociado ó desenvolvemento dos diversos cometidos funcionais de carácter máis específico:

- Decisión: Comisión Delegada para Asuntos Económicos do Consello de Goberno da Xunta de Galicia
- Reflexión: Consello Económico e Social (CES) de Galicia
- Información: Instituto Galego de Estadística (IGE) e Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
- Análise/programación: Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia.
- Concertación/difusión social: CES, Igape e outros servicios da Xunta.
- Execución: conxunto de servicios e entidades da Xunta de Galicia e outras administracións implicadas.
- Coordinación do seguimento e avaliación: Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

• Obxectivo 4.B.- Potenci-los mecanismos de difusión, seguimento e avaliación do PEDEGA

A correcta avaliación dos resultados pretende que os programas de desenvolvemento non queden nun mero exercicio voluntarista de intencións. Neste senso, convén diferenciar catro categorías de medidas/accións:

- Medidas de racionalización en mellora do marco institucional e operativo.
- Investimentos e outros gastos públicos en capital e desenvolvemento de activos materiais e inmateriais.

- Subvencións e outros gastos de apoio directo á promoción de empresas e actividades productivas.
- Asistencia e apoio ó sistema socioeconómico mediante a prestación de servicios.

En definitiva, a mellora dos mecanismos e procedementos de control e avaliación céntranse nas seguintes liñas de actuación:

- Concepción do plan sobre bases integradas
- Mellora dos sistemas de información
- Inclusión de novos indicadores
- Desenvolvemento progresivo a medio prazo dun modelo de avaliación de impactos socioeconómicos axustado ás particularidades de Galicia, que posibilita unha análise dos efectos globais e conxuntos das medidas do PEDEGA.

Os **plans de referencia** das medidas propostas nos obxectivos intermedios son os seguintes:

Obxectivos intermedios	Plans de referencia das medidas
1.B.1.- Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo agrogandeiro	Medidas estratéxicas dos sectores productivos
1.B.2.- Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo da madeira	Plan forestal de Galicia (en proceso de revisión)
1.B.3.- Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo mar-industria	Plan sectorial da pesca 2000-2006
2.A.1.- Conecta-las estradas de alta capacidade coas áreas metropolitanas e o interior de Galicia	Plan de Estradas de Galicia 1997-2007
2.A.3.- Moderniza-lo ferrocarril	Plan quinquenal do Mº Fomento 1998-2002 Plan Renfe 1999-2003 Plan Feve 2000-2004 Programa conxunto Fomento/Renfe 2000-2006
2.A.9.- Mellora-la accesibilidade ós recursos hídricos	Plan hidrolóxico Galicia/Costa Plans hidrográficos de concas intercomunitarias
2.C.1.- Preserva-la calidade das augas	Plan de saneamento da C.A. de Galicia
2.C.2.- Reduci-lo volume de residuos e mellora-los sistemas de tratamento	Plan de RSU Plan de residuos industriais Plan de tratamento dos residuos agrícolas e gandeiros Plan de residuos perigosos e solos contaminados Plan enerxético de Galicia
2.C.4.- Potencia-lo uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética	
3.A.3.- Facilita-lo acceso á vivenda e mellora-las súas condicións de habitabilidade	Plan de vivenda do Estado
3.B.2.- Aumenta-la capacidade de innovación de Galicia e conectala co tecido productivo	Plan galego de IDT e Innovación
3.B.3.- Mellora-la cualificación da poboación activa	Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego 1998-2001 III Plan de igualdade das mulleres galegas 1998-2001
3.B.4.- Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo e impulsa-la igualdade de oportunidades	

Marco financeiro do PEDEGA

Tendo en conta as estimacións macroeconómicas vixentes para o marco internacional e para España, agárdase que Galicia rexistre un incremento do seu VEB moderadamente superior ó estatal durante o período 2000-2003 e equiparable durante o seguinte trienio.

As estimacións de crecemento do emprego falan tamén do mantemento da positiva evolución rexistrada en 1998. Malia a diminución da poboación en idade laboral (-20.000 persoas ó longo do período do plan), parece previsible que a poboación activa continúe a tendencia positiva dos últimos anos –baixo nivel de partida, favorable evolución económica e paulatina incorporación da muller ó mercado de traballo–.

De acordo con estes supostos, a taxa de actividade podería remontar desde o 47,8% actual ata o 49,8% previsto para o ano 2006, o que significaría unha poboación activa de 1.152.000 persoas nesa data, cun incremento próximo ás 40.000 persoas en sete anos.

A tendencia recente da produtividade en Galicia rexistrou fortes incrementos, como consecuencia do reaxuste que se está a producir no sector agrario. Non obstante, os crecementos próximos ó 3,7% do último quinquenio deberán reducirse, como consecuencia da desaceleración do cambio estrutural, ata cifras situadas ó redor do 2%. Baixo estas condicións, o volume total de empregados podería medrar en Galicia en 63.060 persoas entre o 2000 e o 2006, co que a taxa de paro situárase no 14,5%, é dicir, 2,8 puntos porcentuais por debaixo da de 1998.

Os referentes estratéxicos da política presupostaria para o próximo septenio concrétnanse en tres rasgos que se dirixen especialmene a facilitar un contorno máis favorable para o desenvolvemento do investimento privado, en concreto:

- Reduci-lo peso do sector público na economía galega desde o actual 20,5% do VEB ata o 19,55% ó final do período.
- Aument-lo peso dos investimentos e outros gastos de capital da administración autonómica no VEB desde o 4,35% prevista para 1999 ata o 4,76% no ano 2006.
- Mante-los servizos básicos ós cidadáns, moi especialmente aqueles vinculados á educación e á sanidade.

A importancia estratéxica outorgada ó investimento público no desenvolvemento rexional implica a necesidade de realizar esforzos adicionais –nun contexto de redución do sector público– de austeridade na programación do gasto corrente, como fonte de financiamento destes investimentos, nun escenario sen déficit público a partir do ano 2001. Os cadros das seguintes páxinas resumen, entre outros datos, as previsións de ingresos e gastos financeiros para o período 2000-2006, o financiamento do investimento público e o cadro financeiro indicativo por ámbitos e obxectivos do PEDEGA.

En función das previsións de ingresos e gastos correntes, o conxunto de recursos públicos dispoñibles para o financiamento dos investimentos e gastos de capital a realizar pola administración autonómica (capítulos VI e VII) acada a cifra de 1,855 billóns de pesetas, o que supón unha anualidade media para o conxunto do período de 265.010 millóns de pesetas, é dicir, un incremento do 31,29% sobre o presupostado en 1999.

As estimacións realizadas consideran que as relacións de equilibrio financeiro establecidas sobre as previsións de ingresos e gastos deberán permitirla xeración dun aforro que no ano 2006 equivalería ó 3,33% do VEBpm de Galicia (2,13% en 1999) e, a pesar da supresión de recursos procedentes de endebedamento, que son presupostados por última vez no ano 2000, a aportación dos gastos de investimentos dos capítulos VI e VII á formación do VEB rexional representaría un 4,87% á finalización do período, superando en 0,52 puntos o valor nominal de 1999 (4,35%), que, por outra parte, resulta se-lo máis elevado entre tódalas comunidade autónomas de réxime común do mesmo nivel competencial que Galicia.

Da dita cifra de recursos públicos dispoñibles (eses 1,855 billóns de pesetas), un 86% –é dicir, 1.595.945 millóns– é considerado no PEDEGA polo seu carácter estratéxico, ó que ten que sumarse o gasto corrente, que ascende a 295.618 millóns de pesetas para os sete anos, así como os investimentos a realizar polas empresas públicas dependentes da Administración autonómica, por valor de 56.500 millóns de pesetas.

Recursos do PEDEGA 2000/2006 segundo tipos de investimento

	Millóns de ptas.	
	TOTAL	% INCREMENTO
Tecido productivo EI+D	623.021	59,4
Accesibilidade territorial	292.390	34,6
Desenvolvemento local e rural	130.459	147,5
Medio ambiente	198.093	44,4
Recursos humanos e políticas activas de emprego	641.543	64,0
Subtotal	1.885.506	58,5
Outros	62.558	17,2
Total Gasto Estratéxico	1.948.064	56,8

PEDEGA 2000/2006

(millóns de ptas.)			
PEDEGA/PDR		PEDEGA/Capítulos orzamento	
Total PDR	1.785.304	Capítulos VI e VII	1.595.945
Gastos en materia de vivenda	128.447	Capítulos I, II e IV	295.618
Gastos en materia de cultura	34.312	Empresas públicas	56.500
TOTAL PEDEGA	1.948.063	TOTAL PEDEGA	1.948.063

Cadro financeiro indicativo por ámbitos e obxectivos do PEDEGA

Millóns de ptas.	
OBXECTIVOS PEDEGA	2000-2006
1. POTENCIA-LA COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUCTIVO	555.666,9
1.A. Potencia-los factores básicos de competitividade do tecido productivo	103.904,3
1.B. Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia	451.762,9
2. POTENCIA-LA CALIDADE E COMPETITIVIDADE DO TERRITORIO	627.220,3
2.A. Mellora-la accesibilidade do territorio	336.246,8
2.B. Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento	130.457,9
2.C. Valoriza-lo medio ambiente	160.515,6
3. POTENCIA-LO CAPITAL HUMANO	763.768,8
3.A. Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano	312.813,1
3.B. Aumenta-las dotacións de recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade	450.955,7
4. AUMENTA-LA EFICACIA E A EFICIENCIA DO MARCO INSTITUCIONAL E OPERATIVO	1.407,5
4.A. Mellora-los mecanismos de articulación institucional	1.407,5
4.B. Potencia-los mecanismos de difusión, seguimento e avaliación do PEDEGA	1.407,5
PEDEGA	1.948.063,5

Fonte: Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

Previsións de ingresos non financeiros durante o período 2000-2006

CONCEPTO	Millóns de ptas.					
	1999	% VEB	2000-2003 (media)	% VEB	2004-2006 (media)	% VEB
Tributos e taxas de xestión propia	124.678	2,69%	139.233	2,63%	160.938	2,56%
Utilización de capacidade tributaria	-	-	1.725	0,03%	3.100	0,05%
Mellora da xestión	-	-	750	0,01%	0	0,00%
Transferencias correntes	722.014	15,56%	816.341	15,41%	962.469	15,31%
Ingresos patrimoniais	1.690	0,04%	1.249	0,02%	1.192	0,02%
Total ingresos correntes	848.382	18,29%	959.287	18,11%	1.127.699	17,94%
Alleamento de investimentos reais	7.748	0,17%	7.648	0,14%	7.648	0,12%
Transferencias de capital	82.709	1,78%	94.605	1,79%	93.541	1,49%
Total ingresos de capital	90.457	1,95%	102.253	1,93%	101.189	1,61%
Total ingresos non financeiros	938.839	20,24%	1.061.540	20,04%	1.228.888	19,55%

Fonte: Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

Previsións de gastos non financeiros durante o período 2000-2006

CONCEPTO	Millóns de ptas.					
	1999	% VEB	2000-2003 (media)	% VEB	2004-2006 (media)	% VEB
Gastos de funcionamento dos servizos	452.645	9,86%	497.955	9,40%	558.476	8,88%
Intereses da débeda	30.718	0,66%	26.169	0,49%	21.747	0,35%
Transferencias correntes	265.986	5,73%	300.373	5,67%	349.698	5,56%
Total gastos correntes	749.349	16,15%	824.497	15,56%	929.922	14,79%
Investimentos reais e transferencias de capital	201.849	4,35%	239.544	4,52%	298.966	4,76%
Total gastos non financeiros	951.198	20,50%	1.064.040	20,08%	1.228.887	19,55%

Fonte: Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

	Millóns de ptas.		
	1999	2000	2001/2006
Déficit non financeiro	12.359	10.000	0

	Millóns de ptas.					
	1999	% S/VEB	Media 2000/2003	% S/VEB	Media 2004/2006	% S/VEB
Gastos correntes	749.349	16,15	824.497	15,56	929.922	14,79
Gastos de capital (VI+VII)	201.849	4,35	239.543	4,52	298.966	4,76

Gasto corrente en Educación

	Millóns de ptas.					
	1999	% s VEB	Media 2000-2003	% s VEB	Media 2004-2006	% s VEB
Gastos de funcionamento dos servizos	158.372	3,41	173.994	3,28	188.993	3,01
Transferencias correntes	53.257	1,15	57.959	1,09	60.045	0,96
Total gastos correntes	211.629	4,56	231.953	4,38	249.038	3,96

Gasto corrente en Sanidade

	Millóns de ptas.					
	1999	% s VEB	Media 2000-2003	% s VEB	Media 2004-2006	% s VEB
Gastos de funcionamento dos servizos	218.943	4,72	243.969	4,61	282.892	4,50
Transferencias correntes	71.255	1,54	84.952	1,60	108.422	1,72
Total gastos correntes	290.198	6,26	328.921	6,21	391.314	6,22

Tomo III.- Formulación da estratexia operativa por eixos do PDR de España 2000-2006

O terceiro volume do PEDEGA está adicado a asegura-la consistencia entre as prioridades formuladas no plan e os contidos do Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) de España 2000-2006. Neste senso, contén a estratexia operativa en termos de eixos de desenvolvemento do PDR.

A correspondencia do PEDEGA cos 10 eixos estratéxicos de intervención nos que se articula o PDR de España está recollida nos **cadros 3.1. e 3.2.** De seguido desenvólense os distintos eixos nos que se agrupan as accións do plan.

• Eixo 1.- Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo

O asentamento do sistema productivo galego sobre bases sólidas e con capacidade de adaptación a un contorno cambiante oríentase arredor das seguintes liñas estratéxicas de actuación:

- Actuación sectoriais arredor dos complexos productivos de actividades interrelacionadas, baixo un enfoque integrado que estimule o aproveitamento máximo das potencialidades do conxunto.
- Apoio á expansión dos segmentos máis dinámicos e/ou con potencialidades de futuro.

Os principios-guías que conducen o desenvolvemento das intervencións son, basicamente:

- Apostar pola capacidade exportadora, cun impulso á venda ó exterior.
- Outorgar prioridade á calidade, con produtos propios en actividades que presentas vantaxes competitivas (recursos naturais, tradición e saber facer acumulado). O obxectivo é a promoción da calidade asociada á imaxe dos produtos diferenciados de Galicia.
- Estímulo á innovación no tecido productivo, apoiado nos recursos do coñecemento.

• Eixo 2.- Sociedade do coñecemento (innovación, I+D, sociedade da información) e telecomunicacións

O obxectivo de desenvolvemento da base productiva e a creación de emprego de calidade e estable en Galicia para pola mellora do capital inmaterial ligado

á I+D, os recursos de coñecemento e a súa proxección nunha verdadeira cultura da innovación, aspecto que debe configurarse como un referente estratéxico clave dentro do PEDEGA. O seu desenvolvemento depende do éxito en articular un sistema innovador e eficiente de creación e perfeccionamiento de recursos de coñecemento que asegure, ó mesmo tempo, a súa difusión e aplicación ó sistema productivo.

Este sistema integra os seguintes compoñentes:

- O sistema educativo, en particular o universitario, como centro de execución das tarefas de investigación básica e aplicada.
- Os centros de desenvolvemento tecnolóxico.
- Os órganos de coordinación e transferencia de resultados das actividades de I+D.
- Os soportes físicos e inmateriales (aplicacións) polos que flúe a informacións e se xeran as innovacións.

• Eixo 3.- Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos

O reforzamento da cohesión interna rexional, a sostenibilidade do modelo de desenvolvemento e a solidariedade coas xeneracións futuras xustifican a consideración prioritaria deste eixo de actuación, dada a súa clara proxección territorial e a súa contribución á converxencia das condicións de vida entre os distintos espazos de Galicia. As condicións do medio engaden oportunidades de desenvolvemento en sectores diversos, ademais de aportar posibilidades de diversificación da base productiva rexional. Así, as cuestións forestais teñen unha crecente importancia social e política, o mesmo que o aproveitamento máis eficiente do solo, combinando os usos agrícolas e gandeiros coa silvicultura e a explotación forestal. O referente neste eido é o Plan Forestal de Galicia, en proceso de revisión e actualización.

Outra prioridade é a redución do volume de residuos e a mellora dos sistemas de tratamento, que se enfoca tamén desde unha perspectiva integrada para facer unha proposta integral de tratamento.

O último ámbito de actuación deste eixe fai referencia as infraestruturas ligadas ó ciclo da auga. O marco de referencia destas actuacións vén dado polas directivas comunitarias e o Plan Hidrológico Nacional, que, no caso de Galicia, tradúcense en tres plans: o plan hidrológico Galicia/Costa, os plans hidrográficos de concas intercomunitarias e o plan de saneamento da C.A. de Galicia (aplicación da Directiva UE 91/271 sobre servicios, saneamento e depuración de augas).

• Eixo 4.- Desenvolvemento dos recursos humanos, empregabilidade e igualdade de oportunidades

Estas cuestións deben ser abordadas baixo formulacións sistemáticas e integradas, cun enfoque baseado na noción de capital humano e inmaterial como un activo complexo, xerado pola formación básica, os coñecementos profesionais regrados e non regrados, a experiencia acumulada, a xeración de novos coñecementos e a adaptación e mellora do *stock* de coñecementos dispoñibles a través do emprego.

Estas cuestións están intimamente relacionadas coas oportunidades para a creación de emprego estable e de calidade en Galicia, unha prioridade estratéxica asumida polas forzas económicas e sociais e a Xunta nos *Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego 1998-2001*. Estes acordos están en liña coas prioridades europeas derivadas do Tratado de Amsterdam.

Desde o Cumio de Luxemburgo, os Estados membros abordan novas formas de actuación contra o desemprego e políticas activas a prol do emprego: mellora da capacidade de inserción profesional, desenvolvemento do espírito de empresa, fomento da capacidade de adaptación das empresas e os traballadores, políticas a prol da igualdade de oportunidades...

Os programas de formación ocupacional para desempregados xustifícanse pola necesidade de iniciar ou mante-los procesos de formación e actualización de coñecementos da poboación en paro co fin de evita-la depreciación do seu *stock* de capital humano. As actuacións en favor do capital humano teñen que ir acompañadas dunha paralela mellora dos mecanismos de inserción no mercado laboral. Cómpre tamén corrixi-las posibles distorsións dese mercado laboral, en especial da desigualdade de oportunidades laborais entre homes e mulleres, para o que se deseñaron actuación tanto horizontais como verticais, en liña cos obxectivos trazados no *III Plan de Igualdade das mulleres galegas, 1998-2001*.

• Eixo 5.- Desenvolvemento local e urbano

A xustificación deste eixo atópase na vontade de potencia-la eficiencia e a cohesión territorial, que neste ámbito se traduce no reforzamento dos estándares básicos de calidade dos espazos residencias locais de Galicia. As actuacións que se inclúen oriéntanse a potencia-la competitividade local, o desenvolvemento e a

promoción de actividades artesanais locais e, especialmente, a asegurar uns mínimos de calidade en espazos do territorio galego con amplias necesidades: os núcleos urbanos intermedios e as áreas urbanas degradadas.

As accións neste eixo están agrupada ó redor dun instrumento de actuación de carácter estratéxico: o *Fondo de Cooperación Local*, resultante da cooperación entre a Xunta de Galicia, as Deputacións, os Concellos e o cofinanciamento do FEDER.

• Eixo 6.- Redes de transporte e enerxía

A orientación estratéxica céntrase no concepto de accesibilidade, na dobre función que representa para o conxunto do sistema económico: asegura-la conexión básica (interna e externa) do territorio e garanti-la eficiencia nos fluxos de persoas, materiais e información que teñen lugar entre os distintos elementos do sistema. O nivel de eficiencia mídese non só polo custo do servizo, senón que incorpora aspectos como o grao de seguridade, rapidez, flexibilidade, fiabilidade e, en xeral, calidade co que se prestan estes servizos funcionais, incluíndo na dita calidade a dimensión ambiental, presenta tanto na creación das infraestruturas como na prestación dos servizos correspondentes.

Este eixo é moi amplo. Entre as moitas medidas que inclúe, salienta o estudo das posibilidades alternativas de futuro para o transporte ferroviario arredor de tres liñas de actuación estratéxica:

- transporte de viaxeiros a longa distancia a través de redes de alta velocidade.
- transporte rexional de viaxeiros en corredores de alta intensidade de tráfico.
- integración intermodal do transporte ferroviario de mercadorías, especialmente no ámbito das conexións portos-ferrocarril en corredores de alta intensidade de tráfico de mercadorías.

• Eixo 7.- Agricultura e desenvolvemento rural

A produción gandeira é o núcleo sobre o que se articula o complexo agrogandeiro, a través das súas fortes ligazóns coa produción agrícola e as industrias de alimentación animal (como provedoras de *inputs* para a gandería) e coas industrias cárnicas e lácteas como destino da maior parte da produción agraria galega.

O elevado peso relativo deste complexo de actividades na produción e o emprego rexional, así como a súa proxección exportadora (arredor do 10% das

exportacións de Galicia cara a España e ó estranxeiro) e ós seus efectos de arrastre sobre o conxunto do sistema productivo, colocan ó complexo gandeiro nunha posición central dentro da economía de Galicia. A isto engádese a súa difusión territorial, a súa incidencia no medio ambiente e a sensibilidade destes sectores ás accións da política rexional para configura-los factores determinantes da prioridade estratéxica deste complexo.

Esta especial significación obriga a propoñer unha liña específica de actuación que aborde o cambio estrutural do complexo dentro dos escenarios de revisión da Política Agraria Común (PAC) –previsiblemente, cara a unha política agraria-rural comunitaria–. O obxectivo é asegurar unha transición ordenada e unha orientacións productivas alternativas ou complementarias ó actual modelo mediante unha relativa diversificación deste.

As actuacións propóñense baixo a perspectiva dos problemas de desenvolvemento do medio rural, integrando as medidas en programas de mellora das zonas rurais axustados ás súas particularidades e necesidades específicas.

• Eixo 8.- Estructuras pesqueiras e acuicultura

O complexo mar-industria fórmano as actividades ligadas á pesca, ó marisqueo e á acuicultura, soporte da industria de conservas e conxelados de peixe, ademais dos servizos loxísticos de distribución. A actividade pesqueira inflúe en 45 das 56 ramas de actividade da economía galega delimitadas na última táboa input-output da rexión. Esta importancia, unida a posición de primeiro rango de Galicia dentro de España e da Unión Europea neste eido, aconsella darlle un carácter prioritario.

Os problemas que afronta o complexo son moi distintos segundo as distintas actividades, e tamén son diferentes as medidas e intervencións contempladas no plan, malia aspectos comúns que o vinculan á conservación e aproveitamento do medio e dos recursos naturais. A referencia para ordena-las medidas dirixidas a este complexo mar-industria é o *Plan sectorial de Pesca 2000/2006* da Consellería de Pesca.

A flota de altura ou industrial ten unha elevada dependencia exterior; a pesca de baixura, de gran importancia social en Galicia, ten características semellantes ás da agricultura rexional, cun sector moi fragmentado; o marisqueo, en proceso de profesionalización, deberá basea-lo seu futuro nos avances da acuicultura e na

organización dos produtores; no caso da acuicultura, semella ter boas perspectivas coa introducción de novas especies. Esta realidade é o marco para o deseño das actuacións e intervencións propostas.

• Eixo 9.- Turismo e patrimonio cultural

A prioridade estratéxica que se lle asigna ó turismo xustifícase polas súas oportunidades de crecemento, polos seus efectos de arrastre sobre o sistema económico, polas posibilidades que ofrece como complemento ás actividades tradicionais en áreas atrasadas e pola súa contribución á difusión da imaxe de Galicia no exterior.

A opción estratéxica máis adecuada radica na promoción dos segmentos de carácter diferenciado máis axustados ás singularidades de Galicia (desde o turismo náutico ó termal, por exemplo), onde poden atoparse vantaxes competitivas específicas. Trátase de promover un concepto singular de turismo atlántico, coa valoración de recursos singulares como os naturais, o patrimonio cultural monumental, a gastronomía ou a diversidade. A conservación e mellora deses recursos constituirá un reforzo da estratexia de promoción do turismo.

• Eixo 10.- Construcción de equipamentos colectivos e de benestar social

O desenvolvemento rexional debe ser concibido de maneira integral. O desenvolvemento da base productiva e os obxectivos de benestar social deben integrarse dentro da estratexia xeral de desenvolvemento, procurando a consistencia do conxunto dos obxectivos e o reforzo mutuo das diversas actuacións.

O cadro de vida da poboación presenta unha serie ampla de dimensións ligadas ós distintos aspectos do benestar e da calidade de vida que, en conxunto, serven para defini-los índices de desenvolvemento humano propostos polas Nacións Unidas. Dous aspectos están relacionados con este eixo:

- Acceso á educación e á cultura.
- Condicións de saúde (salubridade e asistencia sanitaria)

As medidas propostas para a mellora destes indicadores, que acompañan e reforzan o obxectivo propiamente económico da mellora do nivel de renda ou a satisfacción de necesidades materiais, intégranse en programas como o de construción e reforma de centros de atención primaria e puntos de atención continuada, o de modernización de centros hospitalarios e de atención especializada, o de

creación de novos centros de ensinos especiais ligadas á implantación da LOGSE, a elaboración dun mapa de recursos culturais de Galicia ou a dotación de infraestructuras deportivas ó aire libre.

Marco financeiro do PDR

Despois de explicada a estratexia seleccionada para o PEDEGA segundo os eixos do PDR de España, o **seguinte cadro** presenta os **recursos financeiros** postos a disposición da mesma.

O importe previsto pola Administración autonómica no marco do PDR de España para o período 2000-2006 ascende a 1.785.304 millóns de pesetas. O PEDEGA prevé executar gastos adicionais de capital por valor de 162.759 millóns de pesetas para o conxunto do período, gastos que non foron incluídos no cadro do PDR polo seu carácter non eleixible. Polo tanto, no conxunto do septenio, os investimentos da Administración autonómica e empresas públicas acada a cifra de 1,948 billóns de pesetas.

Gastos previstos do PDR 2000-2006								
EIXES PDR 00-06/millóns ptas.	00-06	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
1.- Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo	259.757	32.209	33.307	34.456	36.852	38.307	41.048	43.579
2.- Sociedade de coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información) e Telecomunicacións	145.212	16.744	17.729	18.561	20.407	21.675	23.608	26.488
3.- Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos	217.229	26.836	28.730	29.798	30.702	31.803	33.624	35.736
4.- Desenvolvemento dos recursos humanos, empregabilidade e igualdade de oportunidades	375.054	46.905	51.148	52.101	52.772	54.687	57.471	59.970
5.- Desenvolvemento local e urbán	76.079	5.359	6.044	7.761	9.821	12.430	15.657	19.007
6.- Redes de transporte e enerxía	286.194	34.078	37.114	39.693	41.463	45.127	44.139	44.581
7.- Agricultura e desenvolvemento rural	189.794	22.448	23.290	24.512	26.506	28.433	31.485	33.119
8.- Estructuras pesqueiras e acuicultura	65.602	8.496	8.736	8.996	9.290	9.607	10.030	10.447
9.- Turismo e patrimonio cultural	40.243	4.056	4.491	4.859	5.238	5.832	7.232	8.534
10.- Construción e equipamentos colectivos e de benestar social	128.733	19.333	18.746	18.398	18.312	18.075	18.102	17.766
11.- Asistencia técnica, seguimento e información	1.408	170	178	187	197	208	225	242
TOTAL PDR	1.785.304	216.635	229.514	239.321	251.562	266.183	282.621	299.469

Tomo IV.- Avaliación ex ante da coherencia e impactos do PEDEGA

O último tomo do PEDEGA constitúe unha análise da coherencia global do plan, co fin de asegura-la súa capacidade coordinadora respecto a outros instrumentos, orientacións e prioridades vixentes nos ámbitos nacional e comunitario. Ó mesmo tempo, nos diferentes capítulos que integran este último tomo lévase a cabo unha reflexión prospectiva sobre a adecuación da nova estratexia ás necesidades de Galicia e sobre a súa capacidade para xerar impactos relevantes.

O grao de atención das recomendacións comunitarias por parte do PEDEGA preséntase no **cadro 4.1**. Pola súa banda, o **cadro 4.2** amosa o grao de adecuación global do plan ós ámbitos de actuación recomendados pola Comisión, mentres que a relación entre os pilares do *Plan de Acción para o Emprego do Reino de España* e os obxectivos do PEDEGA recóllense no **cadro 4.3**.

Finalmente, as conclusións da avaliación ambiental *ex ante* indican un compromiso do plan co desenvolvemento sostible de Galicia. A valoración da situación ambiental de Galicia e as súas orientacións estratéxicas recóllese no **cadro 4.4**.

3.- CONSIDERACIÓNS

1. O Consello Económico e Social de Galicia valora positivamente a elaboración do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia, 2000-2006 (PEDEGA), sobre os principios de planificación estratéxica, polo que representa de iniciativa da Xunta de Galicia, no exercicio de diagnóstico dos escenarios actuais e futuros do sistema económico e social de Galicia e de propostas estratéxicas para súa mellora. Considérase que os obxectivos do PEDEGA son coherentes respecto ós escenarios actuais. O PEDEGA 2000-2006 significa un avance importante sobre os anteriores instrumentos de planificación estratéxica de Galicia: PES 1993-1996 e PDR 1994-1999.

2. Desde a consideración do PEDEGA como un documento necesario, parece importante sinalar que a súa elaboración debería ter precedido ó PDR para poder servir de soporte das negociacións do alcance do PDR de Galicia no marco do PDR de España. Neste caso o marco financeiro do PDR de Galicia 2000-2006 está a condiciona-lo marco financeiro do PEDEGA.

3. O CES considera que a información que o PEDEGA traslada ós cidadáns e ós axentes económicos e sociais, ó defini-los eixes de actuación da Xunta de Galicia no desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma, vai a permitir racionaliza-las súas expectativas para o período 2000-2006, proporcionando un marco de referencia e un escenario de planificación para a toma de decisións.

4. O CES considera importante que o PEDEGA sexa considerado como marco de referencia da concertación social e do desenvolvemento dos diferentes plans sectoriais, que deberán complementalo durante o período de vixencia do mesmo. As medidas e obxectivos deberán adaptarse con flexibilidade ás variacións do entorno a través dos “mecanismos de seguimento e negociación” do propio PEDEGA.

Se o marco financeiro do PEDEGA, axustado ós escenarios de evolución orzamentaria da comunidade autónoma de Galicia, e a súa avaliación ex-ante, proporcionan ó PEDEGA coherencia estratéxica, a súa concreción en

cifras, prazos e proxectos a través dos acordos e plans sectoriais que se lle incorporen deben ser referencias necesarias para permiti-lo seguimento da relación entre as súas previsións e os seus resultados.

5. O PEDEGA analiza os datos sobre o crecemento real do VEBpm a partir da contabilidade trimestral de Galicia e de España: o VEBpm crece, en termos reais, 1,3 puntos mais en Galicia que en España no período 94-98 (6,7 puntos superior a España no sector industrial). O PEDEGA prevé un escenario futuro de incremento real do VEBpm de 3,15%, cun diferencial do 0,35% sobre España, como media no período 2000-2003 e de un 3,03%, cun diferencial do 0,20% sobre España, como media no período 2004-2006.

O CES considera que a previsión feita polo PEDEGA sobre o diferencial de crecemento do VEBpm respecto a media española é demasiado prudente para avanzar de forma clara na converxencia de Galicia con España. Neste senso, aínda que nesta década produciuse un cambio positivo da traxectoria do VEBpm per cápita de Galicia, respecto á media de España e o PIB per cápita mellorase no período 1994-1996 un 5% respecto a UE, e un 1,79% respecto a España, o PEDEGA debe plantexar como obxectivo central aumentar-la capacidade de converxencia da economía de Galicia.

6. O impacto do PEDEGA sobre o escenario futuro do emprego concretase na previsión de que o volume total de empregados podería medrar en 63.060 persoas entre o 2000 e o 2006. Se ben é certo que, como plantexa o PEDEGA, en comparación con España, o mercado de traballo de Galicia presenta certas peculiaridades positivas e negativas –menor presión demográfica, menor presión da poboación activa, menor capacidade estrutural de aumentalos ocupados (o 77% debido ó sector primario), menor capacidade de aumentar o emprego neto en servizos e maior capacidade de aumentar o emprego neto industrial–, o CES considera que o PEDEGA debe plantexar unha evolución dos escenarios máis positiva co emprego, por ser o desemprego o principal problema económico e social de Galicia.

7. O CES considera preocupante, en termos absolutos e relativos, a insuficiente previsión do PEDEGA sobre a diminución da taxa de paro de Galicia: -2,84 puntos sobre 1998 (cunha media anual de 0,4 puntos, o de 0,3 se se compara co 1999), pasando do 17,34% en 1998 ó 14,50% no 2006.

O CES considera necesaria unha revisión da previsión da evolución dos escenarios futuros de desemprego do PEDEGA, definindo unha nova taxa de paro a acadar no final do período que se sitúe con claridade por debaixo de dita previsión, de forma que mellore as expectativas da sociedade galega e lle dea unha maior proxección social ó PEDEGA. Dado o esforzo do PEDEGA en recursos destinados a potencia-lo capital humano (763.768,8 millóns de pts), cabe esperar unha maior converxencia en termos de emprego.

8. O CES valora o esforzo feito nos escenarios orzamentarios do PEDEGA, para incrementa-la previsión dos gastos de capital, aínda que considera que debería acadarse o 5% do VEB no período de vixencia do PEDEGA.

A previsión, nos escenarios orzamentarios do PEDEGA, do crecemento dos ingresos de capital é do 12,7%, e da financiación por aforro corrente do 99%. Na media do período 2004-2006, a previsión da orixe da financiación dos gastos de capital é cuberta nun 33,8% polos ingresos de capital e nun 66,2% polo aforro corrente. En base a ditos datos, considérase que os gastos de capital estase a financiar cunha forte cobertura do aforro corrente.

9. Respecto a previsión dos escenarios orzamentarios do PEDEGA sobre o gasto corrente, cabe destacar que diminúe o peso relativo do gasto en educación, que pasa de significalo 4,56% s/VEB en 1999 ó 3,96% s/VEB na media do período 2004-2006, aínda que a caída dun 20% da poboación de Galicia en idade escolar (3 a 24 anos), prevista en dito período, supón que a relación do VEBpm/gasto por habitante en educación no ano 2006 increméntase nun 6,3% respecto á cifra de 1996. O CES considera que debe incorporarse ó PEDEGA a comparación da evolución dos gastos en educación de Galicia respecto a España e respecto a Europa, para permitir o seu seguimento.

En sanidade o peso relativo diminúe, pasando do 6,26% s/VEB en 1999 ó 6,22% s/VEB na media do período 2004-2006, aínda que o gasto por habitante figura cun incremento real do 27,26%, descontando só o efecto inflación.

Por outra banda, dentro do obxectivo intermedio: “Mellora-lo sistema educativo e conecta-lo co tecido productivo”, figura como referente estratéxi-

co a diversificación da oferta educativa. Neste apartado considérase que debería facerse especial referencia á necesidade de racionaliza-lo mapa de titulacións universitarias.

10. Aínda que as dotacións globais de infraestructuras productivas en Galicia melloraron un 50% entre 1985 e 1995, o final do dito período Galicia sigue a manter significativas disparidades en infraestructuras: 23,7 puntos por debaixo da media de España, cunha melloría do 5,6% respecto a 1985, e 67,9 puntos por debaixo da rexión con maior dotación, cunha melloría do 2,5% respecto a 1985.

O CES considera que os importantes recursos do PEDEGA destinados a potencia-la calidade e competitividade do territorio (627.220,3 millóns de pts) deberán producir unha maior converxencia en termos de infraestructuras, aínda que o maior peso desta responsabilidade debe recaer nos investimentos do Estado en Galicia

11. As previsións de gasto do PDR 2000-2006 do Estado en Galicia e de 1.685.211 millóns de ptas, cun criterio de reparto mais en función da poboación que en función da compensación das diferencias territoriais en infraestructuras. Tendo en conta que as comunidades autónomas que son “obxectivo-1”, tamén son beneficiarias do Fondo de Compensación Interterritorial, a aplicación do criterio de reparto do FCI (17,5%) ós investimentos previstos no PDR do Estado en Galicia supoñería poder acadar unha cifra de 2.484.396 millóns de ptas.

O CES considera necesario establecer mecanismos de seguimento que garantan, no período 2000-2006, a realización dos investimentos previstos para Galicia no PDR de España. Considerase especialmente importante priorizar, dentro do capítulo de infraestructuras, a execución das infraestructuras ferroviarias claves para o desenvolvemento económico de Galicia: modernización da rede ferroviaria interior de Galicia, en liña co acordo do Pleno do Parlamento de Galicia de 22 de decembro de 1995, modernización da conexión ferroviaria co Portugal e conexión en alta velocidade coa meseta (Informe-opinión 1/99 do CES). Neste senso, considérase tamén prioritaria a construción dun porto que poda competir cós portos europeos e a realización das infraestructuras necesarias para a especialización dos portos actuais.

12. En 1998, o peso dos ocupados no sector primario en Galicia mantense 146,5 puntos por riba da media de España e o peso do VEBpm no dito sector (pts. constantes 1986) mantense 93,2 puntos por riba da dita media. O peso do VEBpm en 1994, do “complexo agro-gandeiro”, sobre o total de Galicia, era do 4,49% e o peso do seu emprego acadaba o 24,13%. No “complexo mar/industria” o peso do seu VEB era do 3,24% e o peso do seu emprego acadaba o 5,53%. O PEDEGA prevé que o crecemento e a converxencia deben compensa-los axustes da súa estrutura productiva e ocupacional.

O CES considera que aínda que o peso do sector primario sexa o condicionante estrutural máis importante para efectuar previsións máis optimistas sobre os escenarios futuros do crecemento e o emprego en Galicia, é tamén necesario recoñecer as limitacións externas ó que está sometido: OMC, PAC, sobreexplotación e limitación de caladoiros. Neste senso considérase necesario unha especial concreción das medidas previstas no PEDEGA sobre ós complexos primarios, a través dun plan estratéxico específico do sector primario que facilite a súa transformación.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1999

VOTO PARTICULAR

Voto particular que formula a Confederación Intersindical Galega (CIG) ó Dictame do CES-Galicia sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006

Desde a Confederación Intersindical Galega (CIG) non podemos votar afirmativamente o Dictame do CES-Galiza sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galiza (PEDEGA) 2000-2006, en base ás seguintes consideracións:

1. Non podemos cualificar o PEDEGA como positivo por representar unha

continuidade na política neoliberal e submisa aos intereses do Goberno do Estado que leva a Galiza unha clara diverxencia con España e Europa; os obxectivos de crecemento económico e emprego para os sete anos de vixencia así o demostran (o PEDEGA fai unha mala previsión de desemprego para o ano 2006 do 14,50%, o mesmo que o Goberno do Estado anuncia como previsión para o ano 2000).

2. O Goberno Galego non posibilita a participación da sociedade galega en aras a buscar un amplo consenso, dado que as liñas básicas de actuación e os obxectivos xa están aprobados no PDR, onde a Xunta nin sequera cumpriu o principio de cooperación que obriga a darlle participación aos axentes sociais.-

3. Dáselle unha vez máis as costas ás recomendacións dos axentes sociais galegos recollidos no dictame emitido, a petición da Xunta de Galicia, polo CES baixo o título “Medidas de Actuación para o Desenvolvemento e Creación de Emprego en Galiza” (1/98) e pola contra esta toma como base os acordos asinados no seu día por CCOO-UGT-CEG-Goberno Galego, “Plan de Crecemento e Emprego de Galiza 1998-2001”, xa contestado no seu día pola CIG, e hoxe veu a dicirnos o máximo responsable da súa execución que vai seguir para reducir o desemprego menos de 3 décimas cada un, é dicir a Xunta de Galicia e o parecer os asinantes, renunciara “converxer” en termos de emprego con Europa.

4. O Goberno demostra neste Plan a súa incapacidade de articular unha política que leve o país á converxencia real con España e Europa, é dicir, renuncia a converxer nos niveis de renda. De acadarse os obxectivos definidos pola Xunta de crecemento económico para estes sete anos, xunto cos obxectivos marcados polo Estado no mesmo período, tardaríase aproximadamente setenta anos en igualar a renda media española.

5. Consagra a marxinación de Galicia nos investimentos do Estado, perdendo o noso país máis de un billón de pesetas tanto se se collen os criterios do FCI, como a participación doutros países nos Fondos Europeos en relación ao seu PIB, como por exemplo Portugal.

6. Non se pode entender que na situación de Galicia o Goberno pretenda diminuír o peso que ten o sector público na economía cando se está demostrando que as debilidades do sector privado non permiten pechar os procesos productivos de Galiza; queremos pensar que se trata máis dunha convicción ideolóxica dos redactores que do convencemento do acertado desta medida.

En definitiva, desde a Confederación Intersindical Galega estamos convencidos que o Goberno galego non cre nas potencialidades de desenvolvemento que ten Galicia, aplicando outras políticas, como levamos reclamando desde hai anos. Preténdese que Galicia siga no vagón de cola de Europa onde se incrementa a pobreza e a precariedade (recentes informes así o poñen de manifesto), a precariedade laboral (seguimos cun 32% de eventualidade), a taxa de desemprego (xa superamos a media española), continúaase coa política de desfeita do sector primario, por non querer enfrontarse ás limitacións que nos impoñen a produción.

Por iso, unha vez máis reclamamos do Goberno galego unhas políticas moito máis comprometidas que as definidas no PEDEGA, co crecemento e emprego na Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 1999

EXPLICACIÓNS DE VOTO

Explicación de voto de UGT-Galicia sobre o Dictame do Consello Económico e Social de Galicia sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

UGT-Galicia manifesta que, aínda estando dacordo co contido do “Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006” proposto polo CES-Galicia, este debería engadir algúns outros temas que son irrenunciabes para nós, como:

1. Segundo o noso criterio, falta no Dictame unha opinión crítica ó obxectivo contemplado no PEDEGA de reducir o peso do sector público, cando éste debe xogar un papel decisivo no desenvolvemento de Galicia, sendo esta última unha opinión refrendada por multitude de expertos. Ademáis disto, non aceptamos o

feito de que no documento se contemple como “indispensable” a redución do sector público para o desenvolvemento de Galicia

2. Manifestamos unha total disconformidade co tratamento dado ás Infraestructuras terrestres e marítimas. En concreto, no PEDEGA fíxase como único obxectivo o remate das actuais autovías que unen Galicia coa Meseta (por outra parte, xa contempladas no anterior PDR) e non se plantexan outros obxectivos a realizar como:

- A Transcantábrica
- O ferrocarril de alta velocidade, fixándose no Plan os prazos da súa execución.
- A conexión do ferrocarril cos portos e cos aeroportos.
- A construción dun Porto Exterior debe ser prioritaria, en canto que é un instrumento imprescindible para potenciar o tráfico marítimo e portuario, factores que axudarían ó desenvolvemento de Galicia, etc.. (Aínda que no Dictame do CES-Galicia menciónase a necesidade dun porto competitivo a nivel europeo, non se especifica que se debe tratar dun porto exterior).

3. Debido ó déficit que Galicia padece en Infraestructuras de todo tipo, sería necesario que para poder converxer con España e con Europa se achegaran os Gastos de capital ó 5% do VEB, e facelo nos primeiros anos de vixencia do PEDEGA.

Estando dacordo coa crítica plantexada no Dictame de que os Gastos de capital (capítulos VI e VII) non chegan a acadar no período 2000-2006 á cifra do 5% do VEB, xa que no último ano é do 4,9%, nos mostramos disconformes co feito de non fixar neste Dictame a necesidade de conseguir ese obxectivo nun prazo máis inmediato, e non ó final do 2006.

Ademáis, non só consideramos imprescindible que se consigan eses Gastos de capital, senón tamén demandamos que, cada vez, sexa maior o peso relativo do Investimento público (capítulo VI), e non como se está a producir nos últimos anos que cada vez é maior o protagonismo das Transferencias de capital (capítulo VII).

4. O PEDEGA amosa un elevado optimismo en materia de aforro neto orzamentario. Sendo éste o que financia parte dos investimentos, podería darse, tal e como ven sucedendo nos últimos anos, unha merma na capacidade de Investimento real, o que repercutiría nun menor pulo na creación de emprego (obxectivo, este último, pouco fomentado no PEDEGA).

5. Tal e como se recolle na consideración 11, as previsións de gasto do PDR 2000-2006 supón para Galicia a perda da estimable cifra de 800.000 millóns de ptas., o que suporía unha inaceptable perda de recursos para o investimento en Infraestructuras e para o emprego.

Santiago, 15 de outubro de 1999

Explicación de voto do S.N. de CC.OO. de Galicia sobre o Dictame do Consello Económico e Social de Galicia sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

O Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia considera que o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico e Social de Galicia (PEDEGA) 2000-2006 é claramente insuficiente, tanto nos seus obxectivos finais coma nos instrumentos propostos para acadalos.

Na opinión do S. N. de CC.OO. de Galicia, a estratexia que debería presidir a política económica da Xunta de Galicia é a da converxencia, tanto en termos de renda como de emprego. Esta estratexia non está no PEDEGA. Os obxectivos de crecemento económico propostos son claramente insuficientes para posibilitar a converxencia en termos de renda coa economía española. Os obxectivos que se formulan no PEDEGA para a creación de emprego e a redución do desemprego supoñen a constatación de que a creación de postos de traballo non está no centro da política económica da Xunta.

En todo caso, o Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia considera que o dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006, elaborado polo consello Económico e Social de Galicia, supón o maior nivel de consenso posible entre as organizacións que compoñen o CES que, como é natural, teñen visións propias e diferentes sobre a realidade do país e das estratexias da política económica.

O esforzo para acadalo maior nivel posible de acordo e o propio resultado do dictame –que, segundo a nosa opinión, ten un alto nivel de rigor e amosa unha gran capacidade de análise– explica que o S. N. de CC.OO. de Galicia vote afirmativamente a favor da aprobación do dictame proposto ó pleno.

Como complemento ó dictame, e sentíndonos representados no que nel se di, desde o S.N. de CC.OO. de Galicia queremos manifestar outras cuestións que definen a nosa posición sobre o PEDEGA.

1. Parécenos un grave erro da Xunta de Galicia que formulase como primeiro obxectivo da política orzamentaria para o período 2000-2006 “reduci-lo peso do sector público na economía galega” e, especialmente, a argumentación coa que pretende substantar esta decisión, xa que o considera “condición indispensable para que se poida desenvolver axeitadamente a iniciativa privada”.

Na nosa opinión, isto non é máis ca un prexuízo ideolóxico neoliberal da Xunta de Galicia que non ten ningunha base real, que non ten en conta o modelo de financiamento do país e que rompe cunha idea compartida: a necesidade de superalos graves déficits en infraestruturas físicas e en política social que temos en Galicia.

2. Preocúpannos as valoracións da Xunta de Galicia sobre a evolución que prevé dos ingresos por transferencias de capital procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial e, especialmente, dos fondos procedentes da Unión Europea.

As afirmacións da necesidade de cautela sobre o futuro do FCI e dos fondos europeos e a existencia dun contorno escasamente favorable para o investimento son, na nosa opinión, inaceptables.

Galicia, como rexión obxectivo nº1, debe aspirar a conseguir que o FCI cumpra co papel que lle marca a propia Constitución Española e, para isto, é necesario que aumente de forma sensible a súa dotación orzamentaria.

De igual maneira, o marco financeiro da UE para o período 2000-2006 aprobado no Cumio de Berlín debe servir para despoñer as incertidumes que reclaman unha correcta distribución destes fondos no marco do PDR de España, atendendo ós principios do equilibrio territorial.

3. Non compartimos a obsesión da Xunta de Galicia de reduci-lo déficit público a 0 no ano 2001, en especial se o prezo desta desaparición do déficit é reduci-lo volume do investimento público.

Este é un momento decisivo para defini-lo futuro do país, cun período no que a unión monetaria estableceu novas regras de competencia, no que as carencias infraestruturais poden provocar unha peor capacidade competitiva de Galicia e das súas actividades económicas.

Hoxe a prioridade non é reduci-lo déficit público, senón supera-los déficit de infraestructuras e capitaliza-lo país.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1999

Explicación do voto da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) sobre o Dictame do Consello Económico e Social de Galicia sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

O PEDEGA supón un esforzo de planificación encomiable por parte da Xunta de Galicia. Supera en calidade metodolóxica ós documentos do Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996 e do Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia 1994-1999.

Permite dotar ó tecido productivo dunha necesaria planificación sobre as liñas de fomento e de investimento público, no marco presupostario 2000-2006.

Tamén cabe valorar de forma moi favorable o ánimo de concertación e de diálogo social que explicita o Plan.

Recolle as propostas e liñas de actuación xa incorporadas ós Acordos sobre Medidas para o Crecemento e Emprego de Galicia, que demostraron a súa eficacia

(véxanse os últimos datos de emprego) e previamente pactadas coa maioría dos interlocutores sociais.

Para a Confederación de Empresarios de Galicia as cifras (emprego, crecemento do VAB, ...etc) que manexa o Pedega deben ser só unha estimación, que haberá de adaptarse en atención ás variacións que se podan producir nas variables económicas para dotar da “flexibilidade” que demanda o entorno productivo.

Hai que destaca-la importante creación de emprego neto que o Plan estima para o marco 2000-2006 continuando coa senda de incremento da ocupación iniciada no último ano.

Neste sentido, gran relevancia teñen as accións a favor da cualificación dos recursos humanos na súa correspondencia coas necesidades do tecido social e productivo (obxectivo 3 b) e o aumento da empregabilidade, así como as medidas de accesibilidade do territorio, que deben entroncarse co Plan Director de Infraestructuras.

O escenario presupostario concreta importantes demandas do sector empresarial para a converxencia efectiva con Europa: incremento da inversión pública como medida de reactivación da economía galega, desaparición do déficit público e especialmente relevante é a opción do Plan por un maior protagonismo da iniciativa privada, coa redución do peso do sector público.

Ademais de todo isto, propóñense como obxectivos:

- Aumenta-lo emprego de calidade.
- Elevar o nivel de calidade de vida da poboación residente.
- Asegura-lo desenvolvemento sostido da base económico-productiva rexional.

Asimesmo, un dos obxectivos do Plan consiste no desenvolvemento e potenciación do espazo económico de Galicia-Norte de Portugal, de carácter estratéxico para a zona.

Se se teñen en conta os obxectivos do PEDEGA e as súas medidas de concreción, así como as relacións existentes entre as ditas liñas, obsérvase que a inmensa maioría ten que ver coa potenciación do tecido productivo da comunidade autónoma galega mediante a continuación da estratexia de desenvolvemento dos complexos productivos de Galicia.

A confluencia de todos estos aspectos aconsella unha valoración positiva do Plan por parte da Confederación de Empresarios de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 1999

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 1999

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo.: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

Dictame
1/99